4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Kahoot: primeiros pasos - Concurso sobre os contidos da unidade	<ul style="list-style-type: none"> • Presentar a unidade • Elaborar o Kahoot 	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar o Kahoot 	<ul style="list-style-type: none"> • Concurso realizado 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenador • Internet • Material dispoñible no curso ubicado na aula virtual do centro educativo • Libro recomendado 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Trballo do alumnado • OU.2 - Trballo do alumnado • OU.3 - Trballo do alumnado • OU.4 - Trballo do alumnado • OU.5 - Trballo do alumnado • OU.6 - Trballo do alumnado 	1,0
Seguimento e Control - Realizamos o seguimento e control do noso plan de márketing	<ul style="list-style-type: none"> • Explicar os contidos da unidade • Deseñar a actividade 	<ul style="list-style-type: none"> • Analizar o plan de márketing 	<ul style="list-style-type: none"> • Plan de márketing analizado 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenador • Internet • Material dispoñible no curso ubicado na aula virtual do centro educativo • Libro recomendado 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Trballo do alumnado • OU.2 - Trballo do alumnado • OU.3 - Trballo do alumnado • OU.4 - Trballo do alumnado • OU.5 - Trballo do alumnado • OU.6 - Trballo do alumnado 	7,0
Avaliación global da unidade - Avaliarase globalmente a unidade					<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Trballo do alumnado • OU.2 - Trballo do alumnado • OU.3 - Trballo do alumnado • OU.4 - Trballo do alumnado • OU.5 - Trballo do alumnado • OU.6 - Trballo do alumnado 	2,0
TOTAL						10,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

Ao longo das unidades didácticas, marcáronse todos os criterios de avaliación coma mínimos exigibles, e polo tanto o mínimo exigible a acadar para superar cada criterio de avaliación, resultado de aprendizaxe, cada unidade didáctica e polo tanto cada avaliación, sendo imprescindible superar todos os mínimos exigibles descritos para superar ben sexa a unidade, a avaliación e/ou módulo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Os criterios de cualificación serán acordes ás ponderacións dos criterios de avaliación e en consecuencia aos mínimos exigibles a acadar, correspondendo nun 60% a probas escritas, un 30% a través das táboas de indicadores para produtos e un 10% a través das táboas de indicadores para procedementos, ao longo de cada unidade.

Para superar o módulo será necesario superar os mínimos exigibles correspondentes a cada criterios de avaliación, superando así os correspondentes Resultados de aprendizaxe e as correspondentes unidades didácticas.

En cada Unidade Didáctica empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

-Probas de coñecementos: "Proba escrita + modelo de solución". Ponderarán un 60% na nota da avaliación. Cada UD avaliarase cunha proba combinada de coñecementos, que poderá ser de contido teórico ou teórico e práctico.

-Probas de produción: Ponderarán un 30% na nota da unidade. Valorarase a través dunha "Táboa de indicadores para produtos". Se nalgunha unidade non se propuxesen traballos por circunstancias excepcionais, o 30% que corresponde a este apartado avaliaríase a través de probas de coñecementos, aumentando esta porcentaxe.

-Probas de desempeño: Ponderará un 10% na nota da unidade. Valorarase a través de "Táboas de indicadores de observación".

NOTA DE CADA AVALIACIÓN:

A nota da avaliación será a media ponderada das UD's impartidas na mesma, respectando a ponderación global, adaptándoa en cada caso ao número de unidades impartidas

NOTA FINAL DO MÓDULO:

A nota final do módulo será a media ponderada de todas as UD's, especificadas na devandita programación (a ponderación dependerá do peso de cada UD dentro do módulo e dos criterios de avaliación dentro de cada unidade), sendo necesario ter superados os mínimos exigibles.

Se por algunha razón non se impartisen todas as UF ou/e as Unidades didácticas, o peso das que quedasen sen impartir, repartiríase proporcionalmente segundo a súa ponderación, entre as demais para o cálculo da nota final do módulo.

Este módulo consta de 2 unidades formativas (UF), cada unha delas cos seus correspondentes resultados de aprendizaxe (RA), criterios de avaliación (CA) e contidos básicos. Para superar o módulo o/a alumno/a debe acadar a avaliación positiva en cada unha das unidades formativas, sendo a nota mínima requerida igual a 5.

Todos os Criterios de Avaliación (CA) establécense como mínimos tendo que acadarse o 50% da cualificación de cada un para ter unha avaliación positiva. O cálculo do 50% establecerase no nivel mínimo de logro que corresponda ao instrumento de avaliación empregado.

Os procedementos de avaliación que se aplicarán poderán ser:

a. Probas de coñecementos: consistentes en probas escritas que poderán conter preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas tipo test ou supostos prácticos. As probas conterán instrucións de realización e a cualificación máxima por preguntas ou apartados. Este tipo de probas serán combinadas; ou sexa, se avaliarán varios criterios de cualificación nelas. A cualificación consistirá en corrixir a proba globalmente e repartir a cualificación entre os CA avaliados en función do peso establecido en axustar avaliación.

Unha proba de coñecementos non realizada inxustificadamente, suporá volvela realizar no período de actividades de recuperación correspondente.

b. Probas de produto e/ou desempeño: consistirán en traballos de investigación, memorias, fichas, plans, obxectos, informes ou defensas orais tanto en grupo como individuais. Conterán indicacións/instrucións precisas sobre como presentalas, os formatos de presentación, o xeito de presentación (correo electrónico, aula virtual,...), se debe ser defendido, os prazos de presentación, as penalizacións por presentacións fóra de prazo e de como se cualificarán (niveis de logro e indicadores). Un produto non presentado inxustificadamente, implicará volvelo realizar no período de actividades de recuperación correspondente.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cando o alumno ou alumna non alcance a avaliación positiva, é dicir, non consegue o nivel de logro mínimo establecido, realizará unha proba de recuperación consistente nunha proba escrita que poderá conter preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas tipo test e suposto prácticos.

As actividades de recuperación desenvolveranse no período de abril a xuño aínda que durante o curso se establecerán, para cada proba non superada, outros períodos de recuperación en datas anteriores. Trátase de que o alumnado aprenda dos propios erros e sexa capaz de corrixilos.

Así mesmo, ao tratarse dun módulo de primeiro, debe terse en conta o alumando que está cursando 2ª curso e ten o módulo pendente, polo que se diseñará con devandito alumnado o proceso de recuperación.

O alumnado deberá entregar as mesmas tarefas prácticas que o alumnado de curso ordinario, cun valor de 20%. Este alumando terá a disposición a aula virtual para ver os contidos do curso, así como para entregar as tarefas correspondentes, establecendose dous prazos principais, a primeira UF1 en decembro e a UF2 en marzo, previa a FCT, e previa a recuperación final.

Así mesmo realizará unha proba práctico - teórica parcial por cada UF nos mesmos prazos, cun valor de 80%.

Para o calculo da nota final terase en conta as mesmas ponderacións que as comentadas para o alumnado de 1º.

Se o alumnado no superase as devantitas probas parciais deberá realizar unha proba final previa FCT.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Segundo o artigo 25.3 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, a avaliación continua do/a alumno/a require da súa asistencia regular ás clases. Tal e como figura na resolución do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrución para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022/2023 no seu artigo cuarto e conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total.

Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou da alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido nas correspondentes normas de organización,

funcionamento e convivencia.

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha única proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

En todo caso, a perda ao dereito a avaliación continua non implicará a perda de dereito de asistencia a clases, de titorización ou de asistencia ás probas parciais. "O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha única proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011"

Este alumnado será avaliado mediante unha proba extraordinaria de avaliación sobre todos os contidos do módulo nun exame final nas datas que determine o departamento e a xefatura de estudos do centro.

Para este alumnado a nota final formarase unicamente coa nota desta proba final e deberán superar todos os mínimos exixibles para superar o módulo.

A proba de avaliación extraordinaria terá a mesma estrutura que as probas realizadas por avaliación, e será coincidente no tempo coa proba de recuperación extraordinaria para os alumnos que non perderan a avaliación continua.

Esta proba de avaliación extraordinaria constará de dúas partes.

Unha primeira parte, cun valor dun 60%:

Realizarase unha proba global, con todas as UD "Proba escrita + modelo de solución", tratarase dunha única proba combinada. Esta proba terá unha estrutura similar ás realizadas por avaliación, e será realizada na data que estableza o Departamento e a Xefatura de Estudos, e que se publicará no taboleiro de anuncios coa suficiente antelación, así como na Aula Virtual da docente.

Unha segunda parte, cun valor dun 40%

Esta parte consistirá na presentación dun proxecto combinado, avaliado con "Táboas de Indicadores de produtos" e "Táboas de Indicadores de observación". Estas tarefas serán similares as realizadas nas probas ordinarias, e serán especificadas ca suficiente antelación, (tras a avaliación parcial do último trimestre), na Aula Virtual do módulo.

O alumno ou alumna deberá acadar o nivel mínimo de logro establecido para todos os CA que integran o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para a realización do seguimento da programación utilizarase a aplicación informática da Consellería de Educación, Ao finalizar cada unidade, analizaranse o grao de cumprimento, as desviacións producidas, determinando as causas e establecendo actuacións de corrección.

Informarase mensualmente nas reunións de equipo docente do grao de cumprimento da mesma. No caso de modificacións significativas na programación, estas xustificaranse debidamente e deixarase constancia na acta de reunión do equipo docente ou do Departamento da familia profesional. Ao final de curso, a profesora realizará a memoria final do módulo, segundo o modelo establecido, na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o ano e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

Para a avaliación da práctica docente terase en conta tanto a autoavaliación da propia docente. Realizarase unha análise crítica de tódalas partes da programación, valorando se a posta en práctica logrou cumprir os obxectivos previstos, se a temporalización foi adecuada, se as tarefas de cada actividade se desenrolaron correctamente, se os criterios de avaliación e cualificación foron os correctos, se os instrumentos de avaliación se axustaban a cada tarefa e se a metodoloxía foi a adecuada e logrou transmitir os contidos a todo o alumnado.

Terase asemade, en conta a avaliación por parte do alumnado, que contará, unha vez rematado cada unidade cunha enquisa de satisfacción do labor docente, así como dos contidos do módulo, a que poderán acceder na aula virtual da docente e contestar de maneira anónima.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Esta programación baséase no deseño universal para o aprendizaxe (DUA), que ten como finalidade a inclusión efectiva do alumnado aplicando as directrices e liñas metodolóxicas da Orde 8 de setembro de 2021, que desenrola o Decreto 229/2011 de 7 de decembro.

De cara á valoración de se esta programación se adecúa á diversidade do alumnado do curso, nas primeiras semanas, e ao longo das dúas primeiras unidades, faranse diversas probas iniciais que valorarán determinadas competencias básicas e coñecementos previos.

Realizaranse probas de competencia lingüística e comprensión a través de lectura de textos. Valorarase a competencia dixital a través de elaboración de documentación en programas informáticos como Word ou Excel. Farase unha análise da competencia emprendedora a través de tarefas de creatividade e pensamento diverxente. A través de cálculos matemáticos valorarase a competencia matemática e científica. Finalmente avaliarase a competencia social e cívica, a través de tarefas en grupo e resolución de conflitos. Estas probas xunto ca posta en común na sesión de avaliación inicial permitirá adaptar a programación ás necesidades detectadas.

Existen multitude de recursos e ferramentas que poden axudar á adecuación do proceso de ensino aprendizaxe á diversidade do noso alumnado, polo que se empregarán no caso de ser necesarios.

De ser necesario e trala consulta co departamento de Orientación e a propia aceptación do/a alumno/a, poderase propoñer ao alumnado á flexibilización modular, Esta flexibilización deberá ser aceptada pola Xefatura Territorial.

No mes de setembro se desenvolverá un procedemento de observación competencial a través de tarefas concretas que permitan recoller información sobre competencias claves. Estas tarefas concretas están recollidas na Unidade 0.- "Presentación".

As competencias clave son as seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística. Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita. Para desenvolverla deseñaranse tarefas que impliquen a expresión escrita e a utilización da oralidade.
2. Competencia dixital. Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.
3. Aprender a aprender. É unha das principais competencias, xa que implica que o alumnado desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempos, e traballar de maneira individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo.
4. Competencias sociais e cívicas. Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica.
5. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

Se realizará unha reunión de avaliación inicial de acordo coas instrucións indicadas pola Xefatura de Estudos ao principio do curso.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Deseñaranse medidas de reforzo, apoio e adaptación para todo o alumnado, tendo en conta a Orde 8 de setembro de 2021, que desenrola o Decreto 229/2011 de 7 de decembro.

Na Aula Virtual do módulo o alumnado atopará tarefas de repaso, reforzo e ampliación de cada unidade, así como de tutoriais de conceptos básicos e das carencias detectadas.

Dependendo das necesidades específicas e individuais do alumnado, poderán poñerse en práctica diferentes medidas de reforzo educativo:

Adaptacións para ao acceso ao currículo; adecuación da metodoloxía e os recursos e materiais utilizados; flexibilización dos tempos asignados a

cada unidade didáctica e á consecución dos obxectivos propostos; adecuación dos espazos na aula, eliminando barreiras que dificulten a mobilidade e a comunicación; adaptación dos instrumentos de avaliación ás necesidades e capacidades potenciais dos alumnos e alumnas.

Por outra banda, farase fincapé en que o alumnado desenvolva e poña en práctica actitudes fundamentais para a súa futura práctica profesional.

Neste senso, favorecerase a creación dun ambiente de traballo cooperativo e de axuda mutua, que integre a aquel alumnado con diversidade de intereses e capacidades.

Sempre que sexa necesario, e para aqueles alumnos que necesiten unha especial adaptación dos contidos, procedementos, metodoloxía e avaliación, e coa asistencia do Departamento de Orientación, poderanse adoptar medidas para atender a diversidade do alumnado. Estarase as circunstancias especiais de cada caso concreto para deseñar as actuacións a seguir.

En todo caso, garantirase que os contidos mínimos sexan dominados por todo o alumnado.

Para facer unha adaptación, cando sexa necesario, no expediente académico do alumno deberá constar que esta xa foi preceptiva en etapas de ensino anteriores e segundo o establecido na normativa vixente.

O reforzo educativo debe ter como obxectivo conseguir un ensino máis adaptado a cada alumno/a de modo que poida desenvolver ao máximo todas as súas capacidades, non cinxíndose exclusivamente aos aspectos intelectuais e de coñecemento senón tendo en conta tamén os de axuste persoal, emocional e social.

As incluídas na estrutura da aula:

Este tipo de estratexias non modifica a organización do Centro nin do ciclo nin do nivel, concrétase dentro da aula. É, por tanto, fácil de realizar no sentido de que non require contar con máis medios persoais que o profesor da aula e nalgúns casos, os profesores que contan con horario destinado ao reforzo educativo.

Son medidas que requiren unha gran planificación da Programación da aula e flexibilidade metodolóxica:

1.- Estratexias de Programación:

-Establecer, con claridade, os obxectivos mínimos a conseguir por todo o grupo

-Preparar actividades sobre un mesmo contido de repaso, de reforzo e de ampliación variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se pon en xogo.

2.- Estratexias de Recursos Materiais:

-Banco de recursos con materiais que permitan realizar actividades de repaso, reforzo.

3.- Estratexias Espaciais.

-Localización do alumnado no sitio máis adecuado tendo en conta as características de cada neno.

-Localización das mesas en función do tipo de actividade que se vaia a realizar.

-Distribución por recunchos: o espazo divídese en diversas zonas para posibilitar a realización de tarefas de consulta, de reforzo, traballo independente, de lectura, de computador, etc.

Estratexias Persoais:

-Axuda entre iguais: Tutoría entre alumnos: un alumno, considerado experto nunha habilidade ou contido determinados, instrúe ou axuda a outros que non o dominen.

-Aprendizaxe cooperativa: grupos heteroxéneos de alumnos que teñen o obxectivo de conseguir unha meta común; para conseguilo é imprescindible a participación de cada un dos membros do grupo.

-Traballo en pequeno grupo (homoxéneos por capacidade ou por rendemento) ou en parella.

-Ensinado compartido: presenza na aula de dúas ou máis profesionais que poden repartirse as tarefas, intercambiar roles e proceder a unha mediación máis individualizada.

Se o alumnado trae un diagnóstico específico aplicarase o protocolo e coordinarase con todo o profesorado, a xefa de estudos e a orientadora do centro.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O carácter transversal que a educación en valores ten, implica a súa inclusión en todos os momentos do proceso educativo. Debe garantirse a formación da educación en valores e competencias ao longo de toda a vida en diferentes termos e adaptados á madurez da etapa educativa na que nos atopamos. Debemos aproveitar o traballo da comunidade educativa para fomentar a tolerancia e o respecto, tanto ás persoas como ás súas ideas e á súa forma de vida. Igualmente debemos dar a coñecer as N.O.F. e aplicalas con flexibilidade, insistindo en que o traballo colectivo e a colaboración non está en contradición coa organización xerarquizada do centro e do traballo na aula. Xunto ca educación en valores fomentaranse as competencias básicas e profesionais tales como a competencia dixital, o emprendemento e a RSC.

As diversas conmemoracións establecidas na ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, así como os aspectos transversais son o fío condutor de tódalas unidades a través da Axenda ODS, destacando entre outros a Educación en valores:

Educación para a paz.- Construír e potenciar unhas relacións pacíficas entre o alumnado, cultivando as condutas asertivas, a aceptación das diferenzas e a forma de resolución violenta dos conflitos que poidan xurdir entre eles.

Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos.- Dende o desenvolvemento da autoestima e a concepción do corpo como expresión da personalidade, pretende consolidar hábitos non discriminatorios, corrixindo prexuízos sexistas a partir da análise crítica das súas manifestacións na linguaxe, na publicidade, etc. Promovendo a adquisición de habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.

Educación ambiental.- Facilitase a comprensión e valoración dos procesos que se dan na Natureza e nas relacións do home con ela, animando un cambio de valores, actitudes e condutas que promovan o respecto, coidado e promoción do medio ambiente.

Educación sexual.- Pretende que os alumnos alcancen unha información sexual suficiente e científica, e consoliden, como actitudes básicas, a aceptación do propio corpo e a naturalidade no tratamento dos temas relacionados coa sexualidade, os hábitos de hixiene e o respecto ás diferentes manifestacións da mesma.

Educación para a saúde.- Fomenta calquera actividade que estimule aos alumnos a crear hábitos e costumes sans.

Educación do consumidor/a.- Consiste en promover todo tipo de accións polas que os alumnos filtren a información recibida, de xeito consciente, crítica, responsable e solidaria, así como as decisións consecuentes para a compra de bens e servizos, tendo en conta os valores persoais, a utilización dos recursos e as consideracións ecolóxicas adecuadas.

Educación viaria .- Insístese na adquisición de condutas e hábitos de seguridade viaria, tanto de peóns como de usuarios de vehículos, á vez que lles sensibiliza sobre os problemas de circulación.

Actividades propostas:

Actividades a desenvolver dentro da aula:

Clarificación de valores. A finalidade destas actividades é favorecer que o alumno reflexione e tome conciencia e responsabilidade do que valora,

pensa ou fai. (propoñer un temas a desenvolver)

Discusión de dilemas morais. Consistiría en propor ao alumnado, situacións antagónicas que lles expoñan conflito cognitivo, preguntándolles cal sería a mellor solución para o dilema.

Análise crítica. Supón solicitar información sobre unha situación que supoña conflito de valores, axuizala e tomar posición ante ela

Dramatizacións. Axudarán a pórse no posto de outra persoa, o cal implica someterse ás normas que impón a propia coherencia do papel asumido e vivenciar os seus prexuízos, valores, etc.

Regulación de conflitos. Manexar os conflitos que xorden na vida cotiá de forma non violenta senón racional e reflexivamente; negociando, acordando, etc.

Actividades a desenvolver fora da aula:

Actos que se organicen con motivo de diversas conmemoracións relacionadas coa paz (Día Escolar da Non-Violencia e da Paz, dos Dereitos Humanos, etc...)

Actos comunitarios convocados en colaboración con outros centros (deportes, festas, teatro, etc...)

Realizar actividades no medio natural que teñan como finalidade aprender a desenvolverse nel, comprometéndose ao seu coidado e conservación.

Teranse en conta os seguintes aspectos:

1. Valores democráticos e mellora da cohesión social.
2. Loita contra a pobreza e contribución ao desenvolvemento humano.
3. Dereitos Humanos.
4. Protección das minorías e do colectivo LGTBIQ
5. Dereitos laborais.
6. Respecto das condicións de competencia.
7. Transferencia de tecnoloxía: respecto licenzas e patentes.
8. Preservación do Medio Ambiente. A sustentabilidade.
9. Promoción da igualdade de xénero.
10. Reforzo do respecto dos Dereitos Fundamentais. A protección de datos persoais.
11. Deontoloxía profesional.
12. Identidade dixital: netetiqueta.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias de formación no centro.

Contémpanse varias actividades dentro do horario lectivo que completen a educación en valores e as competencias persoais e profesionais do módulo, tales como: Curso de interventora de Abanca, curso sobre prevención de riscos, cursos de actualización dixital e igualdade.

O alumnado coordinará e realizará para toda a comunidade educativa, o proxecto de Alimentación saudable, Samaín, Igualdade, San Valentín Saudable entre outros.

Actividades complementarias de formación no entorno.

Referidas á tarefas de integración do alumnado co entorno a través de participación en concursos, visitas autónomas a centros de ocio, museos, comercios específicos, eventos.

Saídas didácticas.

As que o Equipo docente xunto coa Xefatura de Departamento e trala aprobación por parte das autoridades competentes determinen e permitan para o presente curso.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS NOS QUE SE FUNDAMENTA

Neste módulo preséntase un enfoque teórico da lexislación vixente ligada ó aspecto práctico. Trátase dun percorrido polos contidos dun modo estimulante e atractivo para o alumnado, fomentando a súa participación, interese e preocupacións polas diferentes cuestións.

Os principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta son:

I. Nivel de desenrolo do alumnado de 1º Ciclo Superior:

II. A construción de aprendizaxes significativos.

III. A predisposición do alumnado.

IV. Dotación de estratexias de aprendizaxe.

V. Fomento da interacción social.

VI. Fomento das competencias dixitais.

VII. Fomento da integración entre o alumnado e na comunidade educativa.

A maior parte do tempo adicarase á realización de tarefas de comprensión e investigación a partir das cales se asimilan os distintos contidos da materia aplicando unha metodoloxía activa, empregando como fío condutor o tratamento da transversalidade, tendo en conta que o alumnado son seres sociais que deben comprender, analizar e criticar as cuestións que afecten ao conxunto da sociedade e á súa propia individualidade, a través de textos de prensa, autores relevantes ou de elaboración propia.

Así mesmo preténdense o deseño universal para a aprendizaxe, tal e como define a orde 8 de setembro de 2021, respecto a diversidade do alumnado, ca finalidade de lograr a inclusión efectiva do alumnado, apoiándose e considerando a cultura da diversidade, da inclusión, da coordinación, da participación, colaboración, a cultura tecnolóxica e de innovación, a cultura da avaliación e recuperación e por suposto a da relación co entorno e as institucións.

Situacións excepcionais. Todo o material docente estará a disposición do alumnado a través da aula virtual. De non ser posible a docencia presencial colectiva ou individual empregaranse todos os medios institucionais dispoñibles, e modificarase e adaptarase a programación ao devandito.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0933	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0933_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74
MP0933_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	4	45	54

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ELENA MARÍA IRAVEDRA DÍAZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A importancia que o sector do comercio ten en España, nomeadamente en Galicia, queda reflectida no feito de ser o sector produtivo que maior número de empresas e traballadores ten. É, xa que logo, necesario que o sector do comercio conte con profesionais con formación suficiente en técnicas de venda, habilidades de comunicación e xestión de establecementos comerciais, que sexan capaces de aproveitar as novas tecnoloxías da información e da comunicación para xestionar o coñecemento empresarial necesario para cumprir os obxectivos comerciais fixados pola dirección de márketing. Esta formación é tradicionalmente autodidacta e, ás veces, pouco decisiva á hora de conseguir un posto de traballo no sector do comercio. Pero actualmente o sector necesita profesionais con formación permanente e de calidade, capaces de aproveitar as oportunidades que as tecnoloxías da información e da comunicación lles brinda.

O título de técnico superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais non só actualiza a formación de xestión comercial, senón que a amplía dentro do ámbito da xestión de compras e proporciona formación específica de vendas e de organización de equipos de venda, ademais de incluír unha formación máis ampla en xestión de espazos comerciais, incidindo no deseño do establecemento e dos escaparates. Tamén se incorpora a actualización necesaria nas novas tecnoloxías da información, imprescindibles como medio de comunicación entre a empresa comercial e o seu contorno.

As funcións das persoas co título de técnico superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais no posto de traballo estarán afectadas de xeito considerable pola aplicación xeneralizada das novas tecnoloxías ás tarefas administrativas e de xestión de actividades.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector do comercio e do márketing.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais o), p), q), r), s), t), u), v), w) e x) do ciclo formativo e as competencias l), m), n), ñ), o), p), q) e r).

Os obxectivos xerais do ciclo formativo de grao superior de Xestión de Ventas e Espazos Comerciais son os seguintes:

- o) Analizar e utilizar os recursos e as oportunidades de aprendizaxe que se relacionan coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, e coas tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e se adaptar a novas situacións laborais e persoais.
- p) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presenten nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.
- q) Tomar decisións fundamentadas, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.
- r) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.
- s) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.
- t) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, propondo e aplicando medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos de traballo, para garantir ámbitos seguros.
- u) Identificar e propor as accións profesionais necesarias para dar resposta á accesibilidade e ao deseño universais.
- v) Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e nas actividades que se relacionan no proceso de aprendizaxe para valorar a cultura da avaliación e da calidade e ser quen de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.
- w) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
- x) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática

As competencias profesionais, persoais e sociais do título de técnico superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais son as que se relacionan:

- l) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito



profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecno- loxías da información e da comunicación.

- m) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- n) Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade e supervisar o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas, asumindo o liderado e achegando solucións aos conflitos grupais que se presenten.
- ñ) Comunicarse con iguais, superiores, clientela e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou os coñecementos idóneos e respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- o) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e cos obxectivos da empresa.
- p) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- q) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social.
- r) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprendizaxe			
					93312				93322			
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA1	RA2	RA3	RA4
1	O Dereito do traballo		8	5						X		
2	O tempo de traballo e a súa retribución		16	10						X	X	
3	O contrato de traballo		8	10						X		
4	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo		12	10						X		
5	Participación dos traballadores na empresa		6	10						X		
6	O sistema da Seguridade Social		10	10							X	
7	Equipos de traballo e conflitos na empresa		6	5					X			
8	Autoorientación laboral		4	5								X
9	A Procura a activa de emprego		4	5								X
10	A saúde laboral e factores de risco laboral		18	10	X	X	X					
11	Prevenición e protección		12	10				X				
12	Xestión da prevención na empresa. O plan de prevención e emerxencias		24	10			X	X				
Total:			128									

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O Dereito do traballo	8

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.	1	A relación laboral	6,0
1.2 Valorar os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.			
2.1 Distinguir os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.	2	Organismos que interveñen na relación laboral	2,0
TOTAL			8

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo	• PE.1 - Análise da relación laboral individual.	S	50
CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais	• TO.1 - Supostos.	N	25
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral	• TO.2 - Actitude ante os Dereitos e deberes derivados da relación laboral.	S	25
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A relación laboral - Identificación do ámbito, fontes e principios de aplicación do dereito laboral e valoración dos dereitos e obrigas laborais	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación audiovisual sobre a relación laboral. 	<ul style="list-style-type: none"> • Recollida de información. • Realización de supostos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Supostos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Textos legais e documentos fotocopiados. • Material audiovisual. • Ordenador conectado, un proxector e pantalla. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Análise da relación laboral individual. • TO.2 - Actitude ante os Dereitos e deberes derivados da relación laboral. 	6,0
Organismos que interveñen na relación laboral - Identificación dos organismos que interveñen nas relacións laborais	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Recollida de datos. • Realización de supostos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Supostos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Material audiovisual. • Documentación sobre Organismos públicos que interveñen nas relacións laborais. • Ordenador conectado a un proxector e a unha pantalla. 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.1 - Supostos. 	2,0
TOTAL						8,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O tempo de traballo e a súa retribución	16

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorar as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres 1.2 Determinar as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional 1.3 Identificar as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.	1	O tempo de traballo	6,0
2.1 Analizar o recibo de salarios e identificar os principais elementos que o integran. 2.2 Identificar, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa	2	O salario e a nómina	10,0
TOTAL			16

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais	● PE.1 - Convenio colectivo.	N	25
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran	● PE.2 - Recibo de salarios.	S	25
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo	● PE.3 - Casos prácticos.	N	25
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa	● PE.4 - Suposto práctico	S	25
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O tempo de traballo - Análise dos conceptos que integran o tempo de traballo e dos novos contornos de organización do traballo	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información. Resolución de casos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentación sobre o tempo de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Convenio colectivo. PE.3 - Casos prácticos. 	6,0
O salario e a nómina - Identificación dos conceptos retributivos que compoñen o recibo de salarios	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información. Resolución de supostos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentación sobre contratos. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Recibo de salarios. PE.4 - Suposto práctico 	10,0
TOTAL						16,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O contrato de traballo	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os elementos esenciais dun contrato de traballo	1	O contrato de traballo	2,0
2.1 Analizar as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.	2	Modalidades de contrato	6,0
TOTAL			8

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo	• PE.1 - Contrato de traballo.	S	65
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos	• LC.1 - Casos prácticos sobre contratación.	S	35
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos			
O contrato de traballo - Coñecemento dos elementos esenciais do contrato de traballo	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información. Realización de supostos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Supostos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentación sobre contratos. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Contrato de traballo. 	2,0
Modalidades de contrato - Análise dos principais contratos de traballo	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de datos. Resolución de casos prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentación sobre modalidades dos contratos. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Casos prácticos sobre contratación. 	6,0



	TOTAL	8,0
--	-------	-----

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	12

Técnicas Primeiros auxilios. - Identificación de técnicas básicas de primeiros auxilios e de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación audiovisual das técnicas de primeiros auxilios e clasificación de feridos. 	<ul style="list-style-type: none"> Recollida de información da presentación e elaboración de esquema do protocolo de actuación según o Soporte Vital Básico. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema do protocolo según o SVB. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais, ordenador e documentos fotocopiados. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Técnicas de clasificación de feridos. TO.2 - Protocolos nunha situación de emerxencia. TO.3 - Técnicas de primeiros auxilios. 	8,0
TOTAL						24,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES

Os mínimos exigibles están sinalados no apartado 4 c) desta programación:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10.

A avaliación do alumnado realizarase en base aos procesos-productos que expoñemos a continuación:

- Proba obxectiva. (Peso na avaliación 70%). Realizarase polo menos unha proba escrita por avaliación, que incluíra preguntas de desenvolvemento ou tipo test (de resposta única ou múltiple) ou ben supostos prácticos, relativos aos contidos traballados en cada avaliación. Esta proba valorará de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar a nota de 4 para aprobalo. Se a calificación dun exame é inferior a 4, a avaliación estará suspensa, con independencia das calificacións obtidas nos apartados anteriores.

Se hai máis dunha proba obxectiva por avaliación, é necesario (a nota mínima de 4) para facer a media, agás que na última realizada se inclúa a materia anterior, caso no que será suficiente aprobar esta última.

Unha vez posta a nota do exame de 0 a 10 puntos, e sempre que se obteña polo menos un 4, este apartado barémase nun 70% con respecto á nota final da avaliación. Por exemplo, se a calificación dun exame é de 10, neste apartado obteríamos o 70%, que é 7 puntos.

-Realización de tarefas propostas (Peso na avaliación 30%).

As tarefas realizadas valoraranse a través de táboas de indicadores e do rexistro anecdótico da profesora, estas tarefas realizaranse tanto de forma individual como grupal e representarán o 30 % da nota coa seguinte excepción.

Avaliación final do módulo: A nota final do módulo, será a media das tres avaliacións, sendo necesario ter aprobadas cada unha das avaliacións para o cálculo da media. Se hai algunha suspensa, aínda que a media das tres sexa igual o superior a 5, o módulo quedará suspenso.

En materia de validacións e exencións atenderase, tal como sinala o artigo 40 da orde de 12 de xullo de 2011, ao establecido nos artigos 52 e 53 do decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da FP.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Recuperación intracurso

Os alumnos que suspendan a primeira ou a segunda avaliación poderán recuperala ao longo da avaliación seguinte. A recuperación terá lugar mediante unha proba escrita, sobre as unidades suspensas na avaliación pendente.

2. Probas de suficiencia

As unidades didácticas non recuperadas ao longo do curso poderán ser recuperadas nunha única proba escrita que se realizará despois da terceira avaliación e antes da avaliación final.

A estes efectos, os alumnos recibirán un informe individualizado no que se indicarán as unidades pendentes e disporán dun período de tutoría,

previo a realización da proba escrita, no que poderán consultar dúbidas sobre a materia obxecto da proba.

A puntuación da proba será de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superala.

3. Alumnado que pasa a segundo curso co módulo pendente

Unha vez realizada a avaliación final do módulo, o alumnado suspenso recibirá un informe individualizado no que se indicarán as unidades didácticas pendentes de recuperar ao longo do seguinte curso académico.

Co fin de que os alumnos poidan recuperar as unidades suspensas realizaranse dúas probas escritas, unha no mes de decembro e outra, con carácter previo á FCT, no mes de marzo. Así mesmo, de setembro a marzo deberán realizar as actividades de recuperación que a profesora considere oportunas en cada caso tendo en conta as unidades suspensas.

4. Alumnado co módulo pendente que suspende en marzo

O alumnado de segundo curso que teña o módulo pendente e non conseguira recuperalo no mes de marzo, recibirá un informe individualizado no que se indicarán as unidades didácticas pendentes de recuperar.

As unidades pendentes poderán ser recuperadas nunha única proba escrita que se realizará no mes de xuño, antes da avaliación final. Así mesmo, deberán realizar as actividades de recuperación que a profesora considere oportunas en cada caso tendo en conta as unidades suspensas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que teñan un total de faltas de asistencia inxustificadas superior ó 10% da duración total do módulo perderán o dereito á avaliación continua, polo que deberán presentarse a un exame final único, a celebrar nas datas establecidas polo Departamento no mes de xuño.

Estes alumnos serán avaliados mediante unha proba escrita obxectiva sobre toda a programación do módulo. Para estes alumnos a nota final formarase unicamente coa nota desta proba obxectiva final e deberán obter unha nota igual ou superior a 5 para superar o módulo profesional.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación docente realizarase a título individual semanalmente, cotexando as actividades previstas na programación coa marcha cotiá das clases. Mensualmente comprobarase se se cumpren os prazos establecidos. De non ser así, revisaranse as oportunas programacións de aula introducindo os cambios necesarios. Esta situación sinalarase nas reunións do departamento de FOL, de modo que estas modificacións aparezan reflectidas nas correspondentes actas do departamento.

Na memoria de fin de curso incluíranse todas estas modificacións, así como a valoración que o departamento faga sobre a idoneidade da metodoloxía empregada así como dos materias curriculares e didácticos.

A práctica docente avaliarase a través dun cuestionario que cumprimentarán os alumnos e alumnas, de forma anónima, ao finalizar o curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso a profesora facilitará ao alumnado un cuestionario sobre aspectos xerais relacionados co módulo. Trátase de avaliar os coñecementos previos que os alumnos posúen sobre a materia obxecto de estudo. Ademais durante as primeiras semanas do curso prestarase especial atención a participación do alumnado nas clases e as dificultades que poidan atopar. As conclusións acadadas sinalaranse na reunión da avaliación inicial do grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A programación elabórase tendo en conta que debe dar resposta a diversidade do alumnado. Por isto, concíbese de forma aberta e flexible posibilitando a adaptación ás condicións específicas de cada alumno ou alumna. Co obxectivo de conseguilo, as actividades de clase deben prestar atención ao traballo en equipo e a axuda recíproca dos alumnos, así como ao fomento de actitudes de respecto ás diferenzas individuais. Por outra banda colaborárase co departamento de orientación na posible detección das necesidades educativas específicas dos alumnos así como nas pautas de actuación a seguir se se dera o caso.

No caso de que o progreso dun alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, adoptaranse as oportunas medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular. En todo caso, a cualificación do alumno realizarase tomando como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación relacionados cos resultados de aprendizaxe que permitan o logro da competencia xeral característica do Título. Deste xeito, calquera adaptación do currículo en función das necesidades educativas do alumnado estará dirixida, non aos elementos prescriptivos (obxectivos, contidos, criterios de avaliación) senón á modificación doutros aspectos que poden mellorar o rendemento destes alumnos, como o respecto aos ritmos de aprendizaxe, á selección de distintos materiais, actividades variadas, propostas de avaliación diferentes, adecuación dos tempos e dos espazos, etc.

En calquera caso e dende o primeiro momento, a través da avaliación inicial e coa colaboración do seminario de Orientación, este departamento traballará coa finalidade de identificar de xeito adecuado o nivel de coñecementos e capacidades de cada alumno. O obxectivo será poder detectar posibles carencias ou dificultades que se poidan presentar no seguimento, por parte do alumnado, da programación do módulo correspondente. As medidas de reforzo educativo pasarán (ademais dos reforzos que se poidan ofrecer no transcurso normal das clases) polo asesoramento extra ao alumnado con dificultades, nas horas de titoría, e co suministro de material educativo complementario (apuntamentos, exercicios...etc) eminentemente de carácter práctico.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O módulo de Formación e Orientación Laboral ten unha especial relevancia no tratamento destes temas. Trataranse a diario espontaneamente, de maneira que impregnarán a actividade cotiá na aula. Así en todas as actividades e na medida que sexa posible en cada unha, fomentárase a igualdade, a saúde, a educación moral e cívica, a educación para o consumidor, a educación ambiental, a ecoloxía, a paz, evítanse as actitudes, comentarios ou comportamentos racistas ou discriminatorios de tipo sexistas ou violentos no comportamento diario tanto dentro como fora da aula. En concreto, nestes temas cobrará especial relevancia:

- Educación para a saúde: Polo que respecta á educación para a saúde e a calidade de vida, faremos especial fincapé na saúde laboral, xa prevista nos contidos da programación didáctica, pola súa importancia no futuro desenvolvemento profesional do alumnado. O obxectivo último é que o alumnado tome conciencia da necesidade de facer propios uns hábitos mínimos que garantan a seguridade no traballo, tanto para eles mesmos como para os compañeiros/as e a empresa en xeral. Neste mesmo bloque de contidos tentarase inculcar a importancia de garantir a hixiene e a saúde no traballo, pero non só a nivel persoal, se non tamén a nivel ambiental.
- Educación multicultural: A educación multicultural ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas. Os obxectivos serán espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e costumes, así como desenvolver actitudes de respecto e

colaboración con grupos culturalmente minoritarios.

- Educación do consumidor: O obxectivo é crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.
- Educación para a igualdade: Por canto á igualdade de sexos, temos que destacar a importancia e trascendencia que este asunto ten no mundo da empresa. Esta cuestión irase desenvolvendo ó longo do curso e do temario, ao formar parte dos criterios de avaliación que fan parte da programación didáctica.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O noso alumnado participará nas seguintes actividades: en actividades complementarias e extraescolares xerais organizadas polo centro e específicas do departamento de FOL.

- Seminario sobre técnicas de Primeros auxilios e actuacións en caso de emerxencia impartido por Cruz Vermella.
- Charla de Hixiene postural aplicada ao posto de traballo impartida por un fisioterapeuta.
- Cantas charlas, visitas e actividades complementarias acorde como de utilidade o departamento, co consentimento da directiva do centro.
- Cantas actividades desenvolva o departamento en coordinación cos restantes departamentos.

10. Outros apartados

10.1) Comunicación da programación ao alumnado

O alumnado é informado do contido desta programación ao inicio do curso, e indícaselle que queda a súa disposición nos lugares establecidos pola dirección do centro.

10.2) Metodoloxía na ensinanza a distancia

O módulo disporá dun curso aberto na aula virtual do centro. Esta aula será a vía principal para a ensinanza telemática e será a vía de comunicación co alumnado.

Para a ensinanza telemática contémplanse tres posibles escenarios:

Metodoloxía no caso de ensinanzas telemática parcial (arredor do 20%):

Durante o horario da ensinanza telemática o alumnado resolverá, a maior parte do tempo, tarefas encargadas polo profesor. Durante este horario o profesor permanecerá conectado a aula virtual e a disposición para a resolución de dúbidas.

Excepcionalmente podense utilizar outras metodoloxías como a grabación de vídeos explicativos que se colgarían na aula virtual ou tamén explicacións por medio de videoconferencia.

Metodoloxía no caso de ensinanza telemática total (por confinamento)

Nesta situación farase un uso como mais extensivo tanto dos vídeos como das explicacións por medio de videoconferencia.

Metoloxía no caso de ensinanza telemática para algún alumno en corentena

O alumnado terá a súa disposición, na aula virtual, todo o material necesario para o seguemento do módulo e a realización das tarefas que corresponda facer nese período. Tamén terá a súa disposición os Foros da aula virtual para a consulta de dúbidas.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018677	Luís Seoane	Pontevedra	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1010	Investigación comercial	2023/2024	5	132	158

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	BLANCA PIÑEIRO TORRES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de obtención, tratamento, análise e presentación da información necesaria para a toma de decisións de marketing.

A función de obtención, tratamento, análise e presentación da información abrangue aspectos como:

- Análise de factores do macroentorno e do microentorno das empresas ou organizacións.
- Configuración dun sistema de información de márketing (SIM).
- Deseño e elaboración dun plan de investigación comercial.
- Obtención de datos ou información secundaria de distintas fontes internas e externas.
- Deseño e selección da mostra, aplicando técnicas de mostraxe.
- Obtención de datos primarios, aplicando diversos procedementos.
- Deseño de cuestionarios para a obtención de datos mediante enquisas.

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe para acadar os obxectivos do módulo:

- Análise das variables do macroentorno e do microentorno das empresas ou organizacións.
- Análise do mercado e do comportamento dos consumidores.
- Análise da estrutura e do contido dun SIM.
- Análise das técnicas de recollida de información das fontes primarias e secundarias.
- Elaboración do plan de traballo para unha investigación comercial.
- Obtención de datos das fontes de información secundaria.
- Determinación do tamaño e das características dunha mostra representativa da poboación.
- Obtención de información primaria relacionada coa actividade comercial.
- Tabulación, tratamento e análise de datos, aplicando técnicas estatísticas.
- Utilización de aplicacións informáticas para o tratamento e análise da información.
- Creación e mantemento de bases de datos para recoller a información obtida na investigación comercial.
- Elaboración de informes comerciais, utilizando ferramentas informáticas.
- Tratamento e análise da información obtida aplicando técnicas de análise estatística.
- Elaboración de informes cos resultados e conclusións da investigación.
- Creación e xestión de bases de datos.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Obtención de información salientable e fiable para a toma de decisións.
- Tratamento e análise da información obtida.
- Elaboración de informes comerciais cos resultados e as conclusións do estudo realizado.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe								
					101000								
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6	RA7	RA8	
1	Variabes do mercado e do contorno da empresa. O comportamento do consumidor e a segmentación de mercados	As variables do mercado e do contorno da empresa e a súa influencia na actividade comercial. O comportamento do consumidor: as súas necesidades e as fases do proceso de compra. A segmentación de mercados e as estratexias comerciais adecuadas a cada caso.	28	18	X								
2	O sistema de información de marketing (SIM).	As necesidades de información da empresa, clasificación da información, o SIM e os subsistemas do SIM, os datos que procesa o SIM. técnicas estatísticas para o seu tratamento.	10	6		X							
3	O plan de investigación comercial.	Plan de investigación comercial: fases, identificación do problema a investigar, obxectivos, tempo dispoñible, deseño da investigación. Fontes da información.	12	8			X						
4	Organización da información secundaria dispoñible.	Selección dos datos	8	5				X					
5	Obtención da información primaria. Técnicas cualitativas e cuantitativas.	A información primaria	18	11					X				
6	Determinación das características e tamaño da mostra dunha poboación.	Variabes que inflúen no cálculo do tamaño dunha mostra.	12	8						X			
7	Tratamento estatístico e análise dos datos obtidos nunha investigación comercial	Tratamento estatístico dos datos: codificación, tabulación, cálculo de medias.	52	33							X		
8	Xestión de bases de datos relacionais.	Bases de datos relacionais: elementos, deseño dunha base de datos, tipos de consultas a realizar, manexo das utilidades dunha base de datos, presentación da información.	18	11									X
Total:			158										

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Variabes do mercado e do contorno da empresa. O comportamento do consumidor e a segmentación de mercados	28

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Analiza as variables do mercado e do contorno da empresa ou organización, con valoración da súa influencia na actividade da empresa e na aplicación das estratexias comerciais.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as variables dun sistema comercial, controlables e non controlables pola empresa. 1.2 analizar os efectos dos principais factores do macroentorno e do microentorno sobre a actividade comercial da empresa.	1	Variabes do sistema comercial e factores do contorno da empresa.	10,0
2.1 Identificar as principais organizacións e institucións económicas que regulan ou inflúen na actividade coercial da empresa.	2	Institucións nacionais e internacionais que regulan ou inflúen na actividade comercial da empresa.	6,0
3.1 Analizar as necesidades do consumidor e clasificalas segundo a orde de prioridade na súa satisfacción. 3.2 Analizar as fases do proceso de compra do consumidor e as variables que inflúen nel. 3.3 Diferenciar os principais métodos de segmentación de mercados. 3.4 Definir os tipos de estratexias comerciais a aplicar segundo a segmentación de mercados realizada.	3	O comportamento do consumidor e a segmentación d mercados.	12,0
TOTAL			28

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse as variables do sistema comercial controlables e non controlables pola empresa que cumpra ter en conta para a definición e a aplicación de estratexias comerciais.	● PE.1 - Variables do sistema comercial, controlables e non controlables	N	20
CA1.2 Analizáronse os efectos dos principais factores do microcontorno na actividade comercial da organización.	● PE.2 - Efectos dos factores do microentorno na actividade comercial da empresa.	S	15
CA1.3 Analizouse o impacto das principais variables do macrocontorno na actividade comercial da empresa ou organización.	● PE.3 - Efectos dos factores do macroentorno na actividade comercial da empresa.	S	15
CA1.4 Identifícanse as principais organizacións e institucións económicas que regulan a actividade dos mercados ou inflúen nela.	● OU.1 - Principais institución que regulan a actividade dos mercados ou inflúen nela.	N	10
CA1.5 Analizáronse as necesidades das persoas consumidoras e clasificáronse segundo a xerarquía ou a orde de prioridade na súa satisfacción.	● OU.2 - As necesidades do consumidor e a súa clasificación.	S	5
CA1.6 Analizáronse as fases do proceso de compra das persoas consumidoras e as variables internas e externas que inflúen nese proceso.	● OU.3 - fases do proceso de compra do consumidor e variables que lle inflúen.	S	10
CA1.7 Aplicáronse os principais métodos de segmentación de mercados, utilizando distintos criterios.	● OU.4 - Principais métodos de segmentación de mercados.	N	5
CA1.8 Definíronse os tipos de estratexias comerciais, aplicando a segmentación do mercado.	● PE.4 - Tipos de estratexias comerciais segundo a segmentación de mercados aplicada.	S	20

TOTAL	100
--------------	------------

4.1.e) Contidos

Contidos
Sistema comercial: variables controlables e non controlables.
Segmentación de mercados: finalidade, requisitos e criterios de segmentación.
Variables non controlables: mercado e contorno.
Mercado: estrutura e límites; clasificación atendendo a distintos criterios.
Análise económica, demográfica, sociocultural, tecnolóxica, ambiental e político-legal dos elementos do macrocontorno.
Análise dos factores do microcontorno: competencia, entidades distribuidoras e subministradoras, e institucións.
Estudo do comportamento das persoas consumidoras: tipos.
Necesidades das persoas consumidoras: tipos e xerarquía das necesidades.
Análise do proceso de compra do consumidor ou a consumidora final: fases e variables.
Análise do proceso de compra do consumidor industrial: fases e variables.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Variables do sistema comercial e factores do contorno da empresa. - Variables controlables e non controlables, factores do micro e do macroentorno, o mercado.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das variables do mercado, factores do macroentorno e do microentorno e a súa influencia na empresa, e o mercado. 	<ul style="list-style-type: none"> Responder cuestionarios sobre variables do mercado, factores do macroentorno e do microentorno e o mercado. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución cuestionarios. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, apuntamento, cuestionarios. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Variables do sistema comercial, controlables e non controlables PE.2 - Efectos dos factores do microentorno na actividade comercial da empresa. PE.3 - Efectos dos factores do macroentorno na actividade comercial da empresa. 	10,0
Institucións nacionais e internacionais que regulan ou inflúen na actividade comercial da empresa. - Análise das principais institucións nacionais e internacionais que regulan ou inflúen na actividade comercial da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos principais aspectos a analizar de cada una das institucións nacionais e internacionais que inflúen ou regulan a actividade comercial da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración dun traballo sobre as principais institucións nacionais e internacionais que inflúen ou regulan a actividade comercial da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo sobre as principais institucións nacionais e internacionais que inflúen ou regulan a actividade comercial da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Guión para elaborar o traballo, ordenador por alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Principais institución que regulan a actividade dos mercados ou inflúen nela. 	6,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O comportamento do consumidor e a segmentación d mercados. - O comportamento do consumidor: as súas necesidades, tipos de consumidores, o proceso de compra do consumidor. a segmentación de mercados: concepto, finalidade, criterios de segmentación, aplicación de estratexias de segmentación.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos distintos aspectos a analizar sobre o comportamento do consumidor e a segmentación de mercados. 	<ul style="list-style-type: none"> Responder cuestionarios e actividades sobre os contidos tratados. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución cuestionarios e actividades propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, cuestionarios. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 - As necesidades do consumidor e a súa clasificación. OU.3 - fases do proceso de compra do consumidor e variables que lle inflúen. OU.4 - Principais métodos de segmentación de mercados. PE.4 - Tipos de estratexias comerciais segundo a segmentación de mercados aplicada. 	12,0
TOTAL						28,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O sistema de información de marketing (SIM).	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura un sistema de información de márketing (SIM) adaptado ás necesidades de información da empresa, definindo as fontes de información, os procedementos e as técnicas de organización dos datos.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Determinar as necesidades de información da empresa para a toma de decisións de marketing. 1.2 Clasificar a información atendendo a diversos criterios. 1.3 Identificar os subsistemas do SIM. 1.4 Identificar os datos que procesa e organiza un SIM. 1.5 Analizar as características, tamaño, finalidade e obxectivos dun SIM.	1	O Sistema de Información de Marketing (SIM)	5,0
2.1 Clasificar os datos segundo a fonte de información de procedencia. 2.2 Identificar as técnicas estatísticas a aplicar para tratar, analizar, organizar e obter información útil dos datos recollidos. 2.3 Utilizar ferramentas informáticas adecuadas para a investigación comercial.	2	A Investigación Comercial.	5,0
TOTAL			10

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Determináronse as necesidades de información da empresa para a toma de decisións de márketing.	● PE.1 - Necesidades de información da empresa.	S	10
CA2.2 Clasificouse a información en función da súa natureza, da orixe ou procedencia dos datos e da dispoñibilidade destes.	● PE.2 - Clases de información segundo distintos criterios.	S	10
CA2.3 Caracterizáronse os subsistemas que integran un SIM, analizando as funcións e os obxectivos de cada uno.	● PE.3 - Subsistemas dun SIM.	S	10
CA2.4 Identificáronse os datos que procesa e organiza un sistema de información de márketing.	● PE.4 - Datos que procesa e organiza un SIM.	S	10
CA2.5 Analizáronse as características de idoneidade que debe posuír un SIM, o seu tamaño, a súa finalidade e os seus obxectivos, en función das necesidades de información da empresa ou organización.	● OU.1 - Características, tamaño, finalidade e obxectivos dun SIM.	N	20
CA2.6 Clasificáronse os datos segundo a fonte de información da que procedan.	● PE.5 - Clasificación dos datos segundo a fonte de procedencia.	S	10
CA2.7 Aplicáronse técnicas estatísticas para o tratamento, análise e a organización dos datos, e para os transformar en información útil para a toma de decisións da empresa ou organización.	● PE.6 - Tratamento, análise e organización dos datos mediante técnicas estatísticas.	N	20
CA2.8 Utilizáronse ferramentas informáticas para o tratamento, o rexistro e a incorporación da información á base de datos da empresa, así como a súa actualización permanente, de xeito que se poida utilizar e consultar con axilidade e rapidez.	● TO.1 - Tratamento, rexistro e incorporación da información á base de datos da empresa mediante ferramentas informáticas.	N	10

TOTAL
100
4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Necesidade de información para a toma de decisións de márketing.</p> <p>Tipos de información: segundo a súa natureza, a súa orixe e a súa dispoñibilidade.</p> <p>Sistema de información de márketing (SIM): concepto e finalidade.</p> <p>Estrutura do SIM: subsistemas que o integran.</p> <p>Investigación comercial: concepto e finalidade; aplicacións.</p> <p>Aspectos éticos da investigación comercial. Código CCI/ESOMAR.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O Sitema de Información de Marketing (SIM) - A importancia da información na toma de decisións de marketing: tipos de información. O SIM: concepto, subsistemas, datos que organiza e procesa un SIM.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da importancia da información para a toma de decisións de marketing. Explicación dos aspectos básicos dun SIM: subsistemas, datos que procesa, características, tamaño, finalidade e obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver cuestionario sobre a materia. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución do cuestionario proposto. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, cuestionarios. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Características, tamaño, finalidade e obxectivos dun SIM. PE.1 - Necesidades de información da empresa. PE.2 - Clases de información segundo distintos criterios. PE.3 - Subsistemas dun SIM. PE.4 - Datos que procesa e organiza un SIM. 	5,0
A Investigación Comercial. - Concepto, finalidade e aplicacións da investigación de mercados. Tratamento, análise e organización dos datos para obter información útil para a toma de decisións.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos aspectos básicos da investigación comercial: concepto, finalidade e aplicacións, tratamento, análise e organización dos datos. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución cuestionario e exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución do cuestionario e os exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, cuestionarios ordenadores. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Clasificación dos datos segundo a fonte de procedencia. PE.6 - Tratamento, análise e organización dos datos mediante técnicas estatísticas. TO.1 - Tratamento, rexistro e incorporación da información á base de datos da empresa mediante ferramentas informáticas. 	5,0
TOTAL						10,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O plan de investigación comercial.	12

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora o plan da investigación comercial, definindo os obxectivos e a finalidade do estudo, as fontes de información e os métodos e as técnicas aplicables para a obtención, o tratamento e a análise dos datos.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Definir o problema ou a oportunidade a investigar e a necesidade de facer a investigación. 1.2 Identificar as fases do proceso de investigación comercial. 1.3 Establecer o propósito da investigación, o tempo dispoñible e a persoa ou persoas ás que vai dirixida. 1.4 Formular obxectivos xerais e específicos da investigación. 1.5 Determinar o tipo de investigación a realizar.	1	Proceso metodolóxico da investigación comercial.	6,0
2.1 Elaborar o plan de investigación. 2.2 Identificar as fontes de información das que se vai obter a información necesaria para a investigación.	2	Deseño e elaboración do plan de investigación comercial.	6,0
TOTAL			12

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Estableceuse a necesidade de realizar un estudo de investigación comercial.	● PE.1 - A necesidade de facer unha investigación comercial.	N	10
CA3.2 Identificáronse as fases dun proceso de investigación comercial.	● PE.2 - Fases dun proceso de investigación comercial.	S	5
CA3.3 Identificouse e definiuse o problema ou a oportunidade que se presenta na empresa e que se pretenda investigar.	● PE.3 - Problema ou oportunidade a investigar.	S	5
CA3.4 Estableceuse o propósito da investigación que cumpra realizar, determinando a necesidade de información, o tempo dispoñible para a investigación e o destino ou a persoa que vaia utilizar os resultados da investigación.	● PE.4 - Propósito, necesidade, tempo dispoñible e destino da investigación comercial.	S	15
CA3.5 Formuláronse de xeito claro e concreto os obxectivos xerais e específicos da investigación, expresados como cuestións que cumpra investigar ou hipóteses que se vaian contrastar.	● PE.5 - Obxectivos xerais e específicos da investigación comercial.	N	15
CA3.6 Determinouse o deseño ou o tipo de investigación que cumpra realizar (exploratoria, descritiva ou causal), en función dos obxectivos.	● PE.6 - Deseño ou tipo de investigación a realizar.	S	10
CA3.7 Elaborouse o plan da investigación, establecendo o tipo de estudo que se deba realizar, a información que cumpra obter, as fontes de datos, os instrumentos para a obtención da información, as técnicas para a análise dos datos e o orzamento necesario.	● OU.1 - Elaboración do plan da investigación comercial.	N	30
CA3.8 Identificáronse as fontes de información, primarias e secundarias, internas e externas, que poidan facilitar a información necesaria para a investigación, atendendo a criterios de fiabilidade, representatividade e custo.	● PE.7 - Fontes de información a empregar.	S	10
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Proceso metodolóxico da investigación comercial: fases. Identificación e definición do problema que cumpra investigar. Definición do propósito ou a finalidade da investigación. Determinación dos obxectivos da investigación: cuestións para investigar ou hipóteses para contrastar. Deseño da investigación e elaboración do plan da investigación comercial. Tipos de deseños de investigación: estudos exploratorios, descritivos e experimentais. Orzamento dun estudo comercial. Fontes de información: internas e externas, primarias e secundarias.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Proceso metodolóxico da investigación comercial. - Propósito da investigación, obxectivos xerais e específicos da investigación, tipos de investigacións comerciais.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos aspectos básicos da investigación comercial. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización exercicios e actividades sobre a investigación comercial. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución exercicios e actividades propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, ordenador. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - A necesidade de facer unha investigación comercial. PE.2 - Fases dun proceso de investigación comercial. PE.3 - Problema ou oportunidade a investigar. PE.4 - Propósito, necesidade, tempo dispoñible e destino da investigación comercial. PE.5 - Obxectivos xerais e específicos da investigación comercial. PE.6 - Deseño ou tipo de investigación a realizar. 	6,0
Deseño e elaboración do plan de investigación comercial. - Elaboración do plan de investigación comercial e fontes de información a empregar.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación sobre a elaboración do plan de investigación comercial e as posibles fontes de información a utilizar. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización exercicios e actividade sobre o plan de investigación comercial. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución exercicios e actividades propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> Encrado, ordenador por alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Elaboración do plan da investigación comercial. PE.7 - Fontes de información a empregar. 	6,0
TOTAL						12,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Organización da información secundaria dispoñible.	8

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Organiza a información secundaria dispoñible, de acordo coas especificacións e os criterios establecidos no plan de investigación, valorando a suficiencia dos datos respecto aos obxectivos da investigación.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Aprender a seleccionar os datos das fontes de información online e offline dos sistemas de información de mercados e bases de datos internas e externas. 1.2 Establecer procedementos de control para garantir a fiabilidade dos datos obtidos a través das fontes secundarias.	1	Métodos e técnicas de obtención de información secundaria.	4,0
2.1 Clasificar e organizar a información obtida das fontes secundarias segundo a metodoloxía máis axeitada. 2.2 Analizar a información dispoñible cuantitativa e cualitativamente. 2.3 Detectar as necesidades de completar a información secundaria obtida coa información primaria. 2.4 Procesar e arquivar a información, os resultados e as conclusións obtidas garantindo a súa integridade e actualización permanente.	2	Organización dos datos obtidos.	4,0
TOTAL			8

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Seleccionáronse os datos das fontes de información en liña e fóra de liña, dos sistemas de información de mercados e bases de datos internas e externas, de acordo cos criterios, os prazos e o orzamento establecidos no plan de investigación comercial.	• TO.1 - Métodos e técnicas de obtención de información secundaria.	N	10
CA4.2 Establecéronse procedementos de control para asegurar a fiabilidade e a representatividade dos datos obtidos das fontes secundarias, e para rexeitar os que non cumpran os estándares de calidade, actualidade e seguridade.	• TO.2 - Procedementos de control que aseguren a fiabilidade e representatividade das fontes.	N	10
CA4.3 Clasificouse e organizouse a información obtida das fontes secundarias, e presentouse de xeito ordenado para a súa utilización na investigación, no deseño do traballo de campo ou na posterior fase de análise de datos.	• PE.1 - Clasificación e organización dos información obtida.	S	20
CA4.4 Analizouse a información dispoñible, tanto cuantitativamente, para determinar se é suficiente para desenvolver a investigación, como cualitativamente, aplicando criterios utilidade, fiabilidade e representatividade, para avaliar a súa adecuación ao obxectivo.	• PE.2 - Análise cualitativo e cuantitativo da información.	S	25
CA4.5 Detectáronse as necesidades de completar a información obtida coa información primaria, comparando o grao de satisfacción dos obxectivos formulados no plan de investigación coa información obtida de fontes secundarias.	• PE.3 - Necesidade de completar a información das fontes secundarias coa das primarias.	S	20
CA4.6 Procesouse e arquivouse a información, os resultados e as conclusións obtidas, utilizando os procedementos establecidos, para a súa posterior recuperación e consulta, de xeito que se garanta a súa integridade e actualización permanente.	• TO.3 - Procesamento e arquivo da información, os resultados e as conclusións, garantindo a súa posterior consulta e actualización.	N	15
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos

Contidos
Métodos e técnicas de obtención de información secundaria.
Motores de procura e criterios de selección de fontes de información secundaria.
Obtención de datos das fontes de información en liña e fóra de liña, e das bases de datos internas e externas.
Organización dos datos obtidos.
Análise cuantitativa e cualitativa da información.
Presentación dos datos.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Métodos e técnicas de obtención de información secundaria. - Fontes de información secundaria tradicionais, motores de busca e criterios de selección das fontes secundarias, obtención de datos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos aspectos básicos da unidade: métodos e técnicas de obtención de información secundaria, fontes de información secundaria tradicionais, criterios de selección, obtención de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver as cuestións e actividades propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestións e actividades resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, cuestionarios. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Métodos e técnicas de obtención de información secundaria. TO.2 - Procedementos de control que aseguren a fiabilidade e representatividade das fontes. 	4,0
Organización dos datos obtidos. - Análise cuantitativo e cualitativo da información. Presentación dos resultados e incorporación á base de datos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos aspectos básicos da unidade: organización dos datos obtido, análise cuantitativo e cualitativo, presentación de resultados e conclusións, arquivo. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver cuestionario e actividades propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución do cuestionario e actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> Encerado, cuestionarios. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Clasificación e organización dos información obtida. PE.2 - Análise cualitativo e cuantitativo da información. PE.3 - Necesidade de completar a información das fontes secundarias coa das primarias. TO.3 - Procesamento e arquivo da información, os resultados e as conclusións, garantindo a súa posterior consulta e actualización. 	4,0
TOTAL						8,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Obtención da información primaria. Técnicas cualitativas e cuantitativas.	18

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Obtén información primaria de acordo coas especificacións e os criterios establecidos no plan de investigación, aplicando procedementos e técnicas de investigación cualitativa e/ou cuantitativa para a obtención de datos.	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as técnicas e procedementos para obter a información primaria, en base aos obxectivos do plan de investigación comercial 1.2 Definir os parámetros que permitan estimar a fiabilidade e a relación custo-beneficio dos métodos de recollida de información primaria. 1.3 Analizar os instrumentos necesarios para a obtención de información cualitativa.	1	Técnicas de recollida de información das fontes primarias.	7,0
2.1 Diferenciar os tipos de enquisas adecuadas para a obtención de datos primarios e analizar as vantaxes e inconvenientes de cada tipo de enquisa. 2.2 Seleccionar a técnica e o procedemento de recollida dos datos máis axeitados a partir duns obxectivos de investigación, tempo e orzamento determinado. 2.3 Contribuír á capacitación para o deseño de guías de cuestionarios, entrevistas ou dinámicas de grupo mediante a adecuación ás instrucións recibidas. 2.4 Recoñecer a utilidade dos paneis como instrumento de recollida de información primaria cuantitativa e analizar os distintos tipos de paneis. 2.5 Describir as distintas TICs aplicadas á investigación comercial.	2	Técnicas de investigación cuantitativa.	11,0
TOTAL			18

